



Maria do Rosário Pedreira naceu en 1959 en Lisboa. Licenciouse en Linguas e Literaturas Modernas –rama de Estudos Franceses e Ingleses– na Universidade Clássica da súa cidade. Foi ademais bolseira do curso de Lingua e cultura do Instituto Italiano, facendo un ano académico en Perugia.

Tras un breve paso polo ensino que a motivou a escribir para o público mozo, rematou por converterse nunha das máis recoñecidas editoras de literatura portuguesa. Á vez, publica artigos de prensa de xeito regular, e mantén o blog sobre libros e edición *Horas Extraordinárias*, que alimenta case diariamente desde 2010.

Estreouse nas letras da man da literatura xuvenil, con dúas coleccións adaptadas á televisión que venderon preto dun millón de exemplares. E, aínda que tamén publicou unha novela e contos dispersos en revistas e antoloxías, é sobre todo coñecida como poeta. Como tal publicou catro libros, hoxe recollidos no volume *Poesia Reunida*, distinguido co premio da Fundação Inês de Castro. Traducida a varias linguas e con volumes individuais publicados en diversos países, a súa obra aparece recollida en revistas e antoloxías nacionais e internacionais. Participou tamén en numerosos encontros de escritores/as en Portugal e no estranxeiro. É ademais autora de letras de fados e cancións e publicou unha biografía de Amália Rodrigues para crianzas.

*Ainda bem
que não morri de todas as vezes que
quis morrer – que não saltei da ponte,
nem enchi os pulsos de sangue, nem
me deitei à linha, lá longe. Ainda bem*

*que não ateí a corda à viga do tecto, nem
comprei na farmácia, com receita fingida,
uma dose de sono eterno. Ainda bem*

*que tive medo: das facas, das alturas, mas
sobretudo de não morrer completamente
e ficar para aí – ainda mais perdida do que
antes – a olhar sem ver. Ainda bem*

*que o tecto foi sempre demasiado alto e
eu ridiculamente pequena para a morte.*

*Se tivesse morrido de uma dessas vezes,
não ouviria agora a tua voz a chamar-me,
enquanto escrevo este poema, que pode
não parecer – mas é – um poema de amor.*



(MARIA DO ROSÁRIO PEDREIRA)

Luns 14 de xuño
20:00


ÁGORA
www.centroagora.es



Poetas Di(n)versos ²⁰²¹

Maria do Rosário
Pedreira





Xavier Rodríguez Baixeras naceu en Tarragona en 1945. Hoxe xubilado, exerceu a docencia no ensino medio en lugares como A Coruña, Palma (Mallorca) ou Vigo. Tras residir durante catro anos no Brasil, actualmente vive en Vigo.

Ademais de poesía, ten cultivado o ensaio: *Diario de comidas* (2004), *Bos tempos para a lírica* (2009) ou *Brasil no centro* (2011) entre outros; a edición crítica e, sobre todo, a tradución ao galego, catalán e castelán de obras clásicas e modernas (Lampedusa, Pavese, Buzzati, Pirandello, Manzoni, Cunqueiro, Méndez Ferrín, Cardoso Pires, Carlos de Oliveira, Lidia Jorge, Hélia Correia, Blai Bonet, Ramiro Fonte ou Joan Alcover entre outros moitos nomes). Esta bibliografía súmase á súa actividade como conferenciante e participante nunha chea de congresos e encontros literarios.

Centrándonos agora na súa obra poética, esta foi inaugurada en 1981 con *Fentos no mar*, ao que seguiu no 85 *Lembranza do areal*. Dous anos máis tarde, *Anos de viaxe* inclúe os anteriores máis *Os celestes faiados* e *A gándara da noite*. Nos 90 chegan *Visitantes*, *Nadador* e *Beira Norte* e, na primeira década do milenio, *Eclipse*, *Francesca* e *O pan da tarde*. Os seus últimos poemarios publicados son *Luz extinta* (2015) e *O bosque sen saída* (2020). Por eles ten levado premios como o da Crítica Española en dúas ocasións, o González Garcés, o da Crítica de Galicia, o Losada Diéguez, o Caixanova, o Cidade de Ourense ou a Homenaxe O Escritor na súa Terra da AELG.

O QUE DIXEN, foi todo?

*Procureite, verdade.
Tentei recuperararte, desamparo.
Quixen abrirvos, ollos.*

*Afundo os pés, conecto
a flor co seu perfume. Desconecto.*

*Pulso os gromos. Apaño os meus planetas
do chao, apodrecidos.
Esfollo un almanaque: cos seus ósos
me alumeo. E na borra
do viño que bebín vou tropeizando
para alivio dos muros.*

*Levanto os pés da árida
xerminación, sorrío.*



(XAVIER
RDGUEZ.
BAIXERAS)

Luns 14 de xuño

20:00

ÁGORA
www.centroagora.es



Poetas
Di(n)versos ²⁰²¹

Xavier Rdguez.
Baixeras

